

1. A que se chama Guerra Fría?

Cada bloque representaba un modelo político e económico diferente:

- O **bloque occidental** posuía un sistema político **democrático** e unha economía **capitalista**.
- O **comunista** defendía un sistema político **totalitario marxista** e unha **planificada**.

O inicio da Guerra Fría vincúlase co final da **Segunda Guerra Mundial**.

Axiña se viu que a cooperación entre os aliados, vencedores na contenda, era totalmente imposible.

- En 1946 **Churchill** anunciou a creación dunha “**cortina de aceiro**”.
- Con este termo describía a crecente influencia soviética sobre os países do centro de Europa e facía público que o entendemento entre os aliados se estaba rompendo.

No ano 1947 comezaron as tensións entre as superpotencias: crises de **Irán e Turquía**, guerra civil en **Grecia**... Por iso, adóitase considerar que este ano deu comezo a Guerra Fría.

2. Características da Guerra Fría.

Ao longo do tempo, as relacións entre as superpotencias evolucionaron, pero os trazos básicos da Guerra Fría mantivéronse:

- Articulouse un **sistema bipolar** en que ambas as superpotencias, cunha capacidade bélica e destrutiva semellante, mantiñan un clima de tensión internacional baseado na **ameaza mutua**.
- Unha frenética **carreira de armamentos**, que aumentou perigosamente a capacidade destrutiva de ambas as superpotencias.
- A delimitación de **áreas de influencia** por parte das dúas superpotencias. En cada zona, estadounidenses e soviéticos trataron de impedir que calquera dos países incluídos na súa órbita puidese desviarse dos obxectivos que cada superpotencia trazara.
- O uso da **propaganda** por parte de ambas as superpotencias para reforzar a cohesión das súas respectivas zonas de influencia.
- A política do “**bordo do abismo**”. Alternaron momentos de tensión, e outros de distensión. Buscaban a disuasión, mediante a ameaza dun ataque nuclear.
- Había **conflictos de baixa intensidade**, de carácter rexional que non poñían en perigo a paz mundial.
- O desenvolvemento das actividades de **espionaxe e os servizos secretos**, a CIA estadounidense e o KGB soviético, para coñecer os avances científicos, tecnolóxicos,...

A arma principal na Guerra Fría foi a **bomba atómica**. En principio, só dispoñía dela EEUU.

Non obstante, a URSS conseguiu en 1949. En 1952, EEUU realizou o primeiro ensaio cunha **bomba de hidróxeno (bomba H)**, 2.500 veces máis potente ca de Hiroshima. Os soviéticos desenvolveron a súa posteriormente. Nos anos 60 había suficientes armas nucleares para acabar co planeta varias veces.

3. O bloque occidental ou capitalista.

a. Cales son os tres principais eixos que vertebran o bloque occidental?

- A doutrina Truman ou doutrina da contención, o Plan Marshall e a Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN)

b. Cales son a contrapartida dos anteriores eixos no bloque oriental?

-A doutrina Jdonov (Zhdánov), o Plan Mólotov que posteriormente se concreta no COMECON e o Pacto de Varsovia.

c. Explica o parecido de cada un dos eixos.


- A doutrina Truman e a doutrina Jdonov trataban as cuestións políticas (exterior).
- o Plan Marshall e o Plan Mólotov (despois COMECON) eran acordos económicos e comerciais
- A OTAN e o Pacto de Varsovia eran alianzas militares

d. Que países europeos formaban o bloque occidental? (indica 3) e o oriental? (indica 2) Cales eran os países comunistas a marxe de URSS (indica 1)?

- Francia, Italia, Gran Bretaña, RFA... do bloque occidental.
- Hungría, Checoslovaquia, Polonia, RDA... do bloque oriental.
- Iugoslavia e Albania eran os países comunistas a marxe da URSS.

4. Fases.

Fai unha liña do tempo da Guerra Fría indicando os seus catro períodos.



5. Completa o cadro indicando as fases da guerra fría e situando a fase na que se deron os seguintes sucesos.

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> Crise do canal de Suez e revolta en Hungría Comeza a Guerra de Vietnam. Mao proclama a República Popular de China. Eisenhower e Kruschev novos dirixentes. Comeza a guerra de Corea. Comeza a Guerra Fría. Fin da Guerra Fría. Dimite Gorbachev-Desintegración da URSS. Acordos SALT 1 limitación de armas defensivas. | <ul style="list-style-type: none"> Invasión soviética de Afganistán. Tratado de non Proliferación Nuclear. Gorbachev e Reagan novos líderes. Crise dos mísiles de Cuba. Bloqueo terrestre de Berlín. Churchill anuncia a “Cortina de Aceiro”. Constrúese o muro de Berlín. A Primavera de Praga. Tratado START I (Bush presidente) |
|--|---|

FASE 1 Dos inicios á coexistencia pacífica (1947-53).	FASE 2 Da coexistencia pacífica á crise dos mísiles (1953-62).	FASE 3 Da máxima tensión á crise (1963-73).	FASE 4 O rebrotamento e o final da guerra fría (1973-91).
<ul style="list-style-type: none"> - Mao proclama a Rep. Popular de China. - Comeza a guerra de Corea. - Comeza a Guerra Fría. - Bloqueo terrestre de Berlín. - Churchill anuncia a “Cortina de Aceiro”. 	<ul style="list-style-type: none"> - Crise: canal de Suez e revolta en Hungría - Eisenhower e Kruschev novos dirixentes. - Crise dos mísiles de Cuba. - Constrúese o muro de Berlín. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comeza a Guerra de Vietnam. - Acordos SALT 1 limitación de armas defensivas. - Tratado de non Proliferación Nuclear. - A Primavera de Praga. 	<ul style="list-style-type: none"> - Fin da Guerra Fría. - Dimite Gorbachev-Desintegración da URSS. - Invasión soviética de Afganistán. - Gorbachev e Reagan novos líderes. - Tratado START I (Bush presidente)

6. Berlín.

a. Berlín ten un enorme protagonismo na Guerra Fría. En que tres momentos? Enumera.

No bloqueio de Berlín, co muro de Berlín e ca caída do muro.

b. Explica o que sucede en Berlín e Alemaña nos anos 48-49.

Que sucede na Conferencia de Londres? Cal é a reposta de Stalin? E a dos EEUU? Que sucede finalmente?

- Na conferencia de Londres os aliados occidentais acordaron unificar Alemaña nun só Estado.
- Stalin respondeu co bloqueio terrestre de Berlín.
- Os EEUU responderon organizando unha ponte aérea para garantir o abastecemento.
- Finalmente o bloqueio é levantado e Alemaña queda dividida en RFA e RDA.

c. Que sucede nesta mesma cidade no 61? Explica brevemente.

Berlín quedara dividido en dous sectores.

O sector occidental gozaba dunha economía máis próspera e maior liberdade.

Moitos habitantes da Alemaña Oriental escapaban á zona occidental.

Para poñer fin a esas fuxidas a RDA constrúe un muro.

d. E nos anos 89-90?

A caída do muro de Berlín e a posterior reunificación de Alemaña.

7. Guerra de Corea

a. Quen se enfrontou nesta guerra? A que bloque pertencían?

- Corea do Norte e posteriormente China do bloque comunista.
- Corea do Sur e unha coalición das Nacións Unidas liderada por EEUU no bloque capitalista.

b. Indica as tres fases que se poden observar nesta guerra.

- Na 1ª fase: Corea do Norte invade Corea do Sur, que está o borde de ser derrotada.
- Na 2ª: a coalición das Nacións Unidas, liderada por EEUU, emprendeu a reconquista chegando as portas da fronteira chinesa.
- Na 3ª fase: China apoia a Corea do Norte. Asinouse o armisticio e fin da guerra.

c. Que é o paralelo 38° N?

O paralelo que divide as dúas Coreas.

8. Revolución húngara e a crise do canal de Suez

a. Explica de forma breve a revolución húngara. En que ano tivo lugar? 1956.

- Con Krushev viviuse unha certa apertura no bloque comunista.
- En Hungría xurdiu un movemento de crítico e manifestacións demandando liberdades.
- A protesta transformouse en revolución.
- Finalmente, os tanques soviéticos entraron en Budapest e acabaron coas pretensións húngaras.

b. Explica a crise do canal de Suez. En que ano tivo lugar? 1956.

- O presidente Nasser, nacionalizou o canal de Suez que controlaba unha empresa anglofrancesa.
- O Reino Unido, Francia e Israel, proxectaron unha operación militar e recobraron o control de parte do canal.
- Esta intervención fracasou xa que EEUU, a URSS e a ONU impuxese a retirada das forzas anglofrancesas.

c. Estes dous feitos, en principio illados, tiveron relación no contexto da guerra fría. Investiga cal é esa relación. (https://es.wikipedia.org/wiki/Guerra_del_Sina%C3%AD Retirada)

Ambos bloques aplicaban a forza cando era necesario. EEUU non podía permitir estes comportamentos aos seus aliados si pretendía demostrar a súa superioridade moral e quería que as súas denuncias da intervención soviética en Hungría tiveran algunha credibilidade.

9. Crise dos mísiles de Cuba.

En **1962** produciuse a crise dos mísiles. **Avións espía** estadounidenses detectaron a presenza en Cuba de **ramplas de mísiles nucleares** soviéticos.

O presidente estadounidense **Kennedy** decretou o **bloqueo naval** de Cuba para evitar a chegada de subministracións militares á illa e ameazou a URSS con **invadir Cuba** se non retiraba os mísiles.

O momento máis grave produciuse cando buques estadounidenses pecharon o paso a un **convoi soviético** que levaba subministracións a Cuba e que se negou a deterse. Finalmente, **Kruschev** ordenou a retirada a cambio de que Estados Unidos se comprometese a **non invadir Cuba**.

Malia todo EEUU **mantivo a presión** sobre o réxime cubano.

10. Descolonización de Indochina e Guerra de Vietnam.

a. De quen era colonia Indochina? Francia

Que países saíron da independencia de Indochina? Laos, Cambodja, Vietnam do norte o de sur.

b. Que líder comunista proclamou a independencia de Vietnam? Cando?

Ho Chi Minh en 1945.

b. Que dous bloques loitaron nesta guerra da independencia (contendentes)?

Que dous estados orixina?

Os bloques son Francia apoiada polos EEUU contra Vietnam apoiada por China.

Orixina a división de Vietnam (en Vietnam do Norte e Vietnam do Sur.)

d. Guerra de Vietnam.

EEUU, alarmado pola extensión por todo Vietnam do comunismo, foi aumentando a súa presenza no sur, a partir de 1964, co envío de **tropas** estadounidenses.

En 1968 o **Vietcong** lanzou unha ofensiva que puxo de manifesto a imposibilidade de que as tropas estadounidenses puidesen gañar. A **oposición ao conflito** estenderase por Occidente, incluso en EEUU, polas terribles imaxes da guerra..

En 1969, **Richard Nixon** asumiu a presidencia de EEUU coa promesa de poñer fin á guerra.

Catro anos máis tarde, en 1973, chegouse a **un acordo de cesamento do fogo**. Estados Unidos **retirou todas as tropas** e acordouse a **reunificación** do país.

A loita continuou ata 1975, cando as tropas **do Vietcong e de Vietnam do Norte** tomaron Saigón. En 1976 Vietnam **uniuse nun só Estado**, que se sumou ao bloque **comunista**.

11. Final da Guerra Fría e da URSS.

a. Quenes son os líderes de a URSS e EEUU na última fase da Guerra Fría?

Mikhail Gorbachev e George Bush (padre).

Como leva o límite EEUU a URSS? Que outros problemas tiñan estes últimos?

- Mediante unha intensificación da carreira armamentística e do gasto militar que levaron o URSS a unha grave crise.

- As industrias de bens de consumo e a agricultura eran incapaces de abastecer a poboación.
- A prioridade concedida á produción militar impedira o desenvolvemento doutros sectores.
- O uso das tecnoloxías da información estaba limitado pola censura e o control do PCUS.

b. A URSS pon en marcha un conxunto de reformas. Que é a Glasnost e a Perestroika?

- A perestroika, que foi o conxunto de reformas destinadas a democratizar o réxime e lograr a apertura política.
- A glasnost, que foi a política de transparencia informativa.

12. Revolucións do Leste de Europa.

a. Que sucesos de gran importancia acompañan o final da guerra fría na URSS e no bloque oriental?

- A caída do muro de Berlín, en (outubro de) 1989, e a reunificación de Alemaña en 1990.
- En 1991, o final do comunismo en Iugoslavia significou a súa desintegración. As tensións independentistas provocaron un grave conflito bélico.
- A desintegración da URSS en 1991 (en 15 repúblicas).
- En 1992 Checoslovaquia dividiuse en República Checa e Eslovaquia.
- A disolución do Pacto de Varsovia.

b. Trala caída do bloque de Leste os EEUU serán a única superpotencia.

Quen se converte neste momento no seu gran inimigo?

O yihadismo ou terrorismo islámico

En que tres conflitos participa?

- En 1991 na guerra do Golfo, para expulsar as tropas iraquís que invadiran Kuwait.
- En 2001 tras os atentados do 11-S, dirixiu a ofensiva contra o Goberno talibán e Al Qaeda.
- En 2003 na a guerra de Iraq, argumentando que este país posuía armas de destrución masiva.